

## UN NOVO LIBRO EXPLICA AS MATEMÁTICAS A TRAVÉS DOS XORNAIS GALEGOS

- A obra, titulada *O xornal na clase de Matemáticas*, promove o uso da prensa escrita na aula co obxectivo de introducir ao alumnado nos debates de actualidade ao mesmo tempo que aprende esta materia.
- Trátase dun recurso pedagóxico até hoxe moi pouco explorado, que recolle noticias en galego de xornais como *Galicia Hoxe*, *A Nosa Terra*, *La Voz de Galicia* ou *El Progreso*, e sobre elas desenvolve exercicios prácticos e amenos.
- Este é o cuarto libro escrito pola autora, a profesora Cecilia Alvarellos, sobre o ensino das Matemáticas.

Unha nova proposta didáctica para aprender – para se divertir, a un tempo– cos números. Mediante a utilización na aula da prensa escrita e con entretidos exercicios prácticos.

O xornal como recurso pedagóxico na clase de Matemáticas foi, ata agora, moi pouco explorado, mais as súas vantaxes para o alumnado –sobre todo en Secundaria– son múltiples: conecta os rapaces e rapazas coa realidade, motiva debates sobre a actualidade, lévaos a comprender mellor o tratamento da información e as claves das estatísticas que aparecen nos xornais, finalmente, posibilita a relación de coñecementos que atinxen a varias materias.

Esta obra recolle titulares ou noticias aparecidas en galego durante os anos 2007 e 2008 en xornais do país como *Galicia Hoxe*, *A Nosa Terra*, *La Voz de Galicia* ou *El Progreso* e sobre eles desenvolve temas como o tratamento do azar, a estatística, a xeometría ou o cálculo de magnitudes.

A autora, CECILIA ALVARELLOS CASAS (Lugo, 1963) é licenciada en Matemáticas pola Universidade de Santiago coa especialidade en Estatística. Durante os máis de 25 anos que leva no mundo da docencia ten publicado varios libros e estudos matemáticos, entre eles, as obras *Matemáticas universitarias I* (1991), *Xoguemus coas Matemáticas na ESO* (1994) e *Estatística descritiva* (2000), todos eles en Alvarellos Editora. Actualmente exerce como profesora de Matemáticas no Instituto Val do Asma de Chantada.

- Para contactar coa autora: 626 688 677, ou [ceciliaalvarellos@edu.xunta.es](mailto:ceciliaalvarellos@edu.xunta.es)

